CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresa ideas	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Progresa nas habilidades grafomotrices	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as producións dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa ideas a través de manifestacións artísticas acorde a súa idade.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	É creativo nas súas creacións na pizarra dixital	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

UD	Título da UD	Duración
7	Música na natureza	92

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Coordina o seu corpo as posibilidades motrices, acorde a súa idade.	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Usa vocabulario sinxelo na lingua estranxeira	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Respecta a contorna e participa no seu coidado.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Comunicase axeitadamente acorde á idade	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos imprescindibles na vida das persoas, acorde a súa idade.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Confía nas súas posibilidades, con apoio.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Progresa no control e precisión grafomotriz	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Xestiona os conflitos con axuda.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita atentamente a lectura de contos.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpreta musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes, con axuda.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.

Contidos

- Os seres vivos e as súas características.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Respecto polas producións alleas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Unha das cuestións máis importantes é o "como ensinar?" Ademais, hai que partir de dúas ideas fundamentais: "Como son os nenos/as na etapa infantil?" e "como aprenden?". Tendo en conta que a LOMLOE establece que os métodos de traballo basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo e aplicaranse nun ambiente de afectividade e confianza para potenciar a autoestima e a integración social.

Como docentes non temos que seguir un modelo metodolóxico prescriptivo, xa que o método vai variar segundo as características individuais do alumnado, o contexto sociocultural do centro e o momento determinado; pero si debemos facer explícitos os principios metodolóxicos que debe enmarcar e guiar a nosa acción pedagóxica.

Polo tanto a miña programación vai ter como referencia: Principios metodolóxicos básicos, os recursos didácticos básicos e os autores da Escola Nova como Decroly, Fröebel, Freinet, así como, . Piaget, Ausubel ou Gardner.

Como referencia para os principios metodolóxicos tomarei o actual modelo curricular D 150/2022 e os autores do movemento de renovación pedagóxica da Escola Nova. Todas estas premisas tanto pedagóxicas como psicolóxicas, enriqueceron de maneira considerable as prácticas educativas actuais da Educación Infantil.

Os principios de intervención educativa e recursos didácticos que se recollen no Decreto do currículo son:

-Ambiente de aprendizaxe fai referencia á organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e tempo. En canto aos espazos, planificarei espazos para compartir, para estar sos, para xogar e para relacionarse cos demais, espazos para actividades requiran certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. En canto aos materiais adecuaranse aos tipos de contidos e características e necesidades do meu alumnado, tendo en conta o momento no que nos atopamos. O tempo será flexible adaptado aos intereses, necesidades e dificultades das tarefas.

-Perspectiva didáctica, enfoque globalizador de Decroly: as propostas didácticas terán como punto de partida situación global relacionando as tres áreas a través da práctica diaria, organizando os contidos en unidades significativas que partan do interese do alumnado e relacionadas sempre co coñecido para o alumnado.

-O papel do mestre será un guía, orientador das aprendizaxes primando a valoración positiva as interaccións, a aprendizaxe significativa e a creatividade.

-O papel do alumnado/ principio de actividade serán activos sendo os protagonistas da aprendizaxe, fomentarei a autonomía a través de responsabilidades, reflexionarán sobre os progresos e melloras.

-Agrupamentos/principio de socialización: debido á diversidade do alumnado e ás necesidades dos contidos levarei a cabo agrupamentos en gran grupo para planificar, decidir, expoñer... en pequeno grupo para fomentar a interacción cooperativa e a actividade individual para a interacción máis específica alumno/a-mestre/a. Para isto terase en conta os grupos burbulla que se estableceron fronte a esta situación.

-Apertura ao contorno/principio de interacción co medio de Vigostky levarei a cabo unha relación de colaboración e coordinación entre o equipo docente, as familias e o contorno. Para poñer en práctica este principio aproveitarei o potencial educativo que ofrecen as saídas, as visitas e todo o que o contorno máis próximo nos ofrece xa que este último é fundamental para establecer as bases da aprendizaxe.

Ademais destes principios metodolóxicos a continuación recollo outros vixentes na actualidade.

-Principio do desenvolvemento psicomadurativo de Piaget, que me vai permitir adecuar os contidos ao estadio evolutivo dos meus alumnos.

-Principio de individualización, onde teño en conta que cada neno é un ser diferente, que cada un aprende de diferente forma, a diferentes ritmos polo que todas as actividades serán variadas e axustadas aos diferentes ritmos e estilos cognitivos. Tamén me centrarei na teoría das intelixencias múltiples de H. Gardner á hora de propoñer diferentes actividades e da formación de grupos.

-Principio de aprendizaxe significativa de Ausubel. Partirei dos coñecementos previos do alumnado conectándoos cos seus intereses e necesidades propoñendo actividades atractivas e motivadoras para que que utilicen estes novos coñecementos. Aprender de forma significativa permitirá aplicar o aprendido en diversas situacións e contextos, acercándose á competencia de aprender a aprender. Para isto todas as actividades serán motivadoras, de interese e respondan ás súas necesidades.

-Principio de seguridade e confianza onde crearei un ambiente acolledor e seguro que estimule as relacións interpersoais e contribúa a creación da autoimaxe positiva. O neno/a que non está equilibrado emocionalmente non aprende.

-Principio de motivación que aplicarei a través da decoración da aula, aplicación de estímulos afectivos, reforzo positivo, premios... Respectando sempre tanto o acerto coma o erro considerando ambos como elementos do proceso de aprendizaxe.

Outra estratexia pedagóxica que me axudará na consecución dos obxectivos así como no inicio das competencias son os obradoiros, destacando a Freinet como autor desta metodoloxía. Ditos obradoiros serán levados a cabo en gran grupo e moitos deles en colaboración coas familias, tan inmersas no proceso de ensino-aprendizaxe.

O traballo por proxectos e a súa contribución á consecución das competencias básicas: supón un xeito diferente de estruturar as actividades de aprendizaxe ao redor dun tema que se intentará resolver manexando adecuadamente información que o neno/a atopará en diferentes fontes vídeo, fotografía, internet, museos.. Esta estratexia de organización introducida por Kilpatrick está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relación entre os contidos e no enfoque globalizado que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución de competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas. Como proxecto anual este curso escolar levamos a cabo un proxecto interdisciplinar relacionado coa música e expresión corporal, polo que moitas das actividades partirán deste.

Ademais este curso levaremos a cabo o traballo por instalacións, é dicir a aprendizaxe a través da arte. Unindo deste xeito a arte cos coñecementos lóxico-matemáticos. As instalacións son espazos de experimentación onde a través do xogo espontáneo os nenos liberen a creatividade e comuniquen sentimentos e emocións.

As propostas na aula están moi presentes onde en grupos pequenos ou individualmente o alumnado aprende os coñecementos, busca solucións e adáptase aos problemas que poidan xurdir. Todas as propostas estarán relacionadas coa época do ano na que estamos, ademais da vida práctica, do traballo da lectoescritura e lóxico matemática así como a psicomotricidade fina.

Durante o curso escolar poderánse levar a cabo diversos proxectos que partan do interese dos nenos e nenas.

Tamén se traballarán as emocións partindo sempre do conto O emocionómetro do inspector drilo, a través da música escoitando cada canción e relacionándoas coa emoción que traballemos en cada momento.

En todo momento se usarán materiais naturais ou mercados para fomentar a sostiñibilidade e a reciclaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

En canto aos recursos didácticos dicir que son calquera medio material, conceptual, espacial, ou humano que usa o docente para facilitar o proceso ensino-aprendizaxe. Os recursos que eu utilizo son recursos motivadores, variados e diversos, adaptados ás idades dos nenos cumprindo as normas básicas de seguridade e hixiene, destacando os seguintes:

O xogo, é un recurso fundamental nesta etapa a través do cal o neno/a descobre, manipula, relaciona e coñece, polo que propiciarei momentos de xogo ao longo do ano favorecendo así a autonomía. O xogo reúne un triplo carácter: como obxectivo para ensinar a xogar, como contido xa que o alumnado aprende xogando e como recursos metodolóxico porque a través del trabállanse as diversas áreas e experiencias. As actividades tanto das unidades didácticas como dos proxectos, obradoiros serán lúdicas seguindo a autores como a Fröebel, Vigostky, Piaget.. e tamén tendo en conta a LOE que considera o xogo como activador e motivador do desenrolo dos nenos/as.

Recursos materiais, cabe diferenciar entre: Material funxible, de refugallo, tendo en conta as irmáns Rosa e Carolina Agazzi, materiais de exploración, materiais creados por nos: aproveitarei todos os materiais utilizados para a elaboración de diferentes recursos que nos van permitir unha mellor aprendizaxe construtiva, por exemplo contos, libros de imaxes. Como un recurso material que cobra importante relevancia na miña programación é o conto como elemento motivador, tal e como di Gianni Rodari ten un gran valor pedagóxico xa que espertan a imaxinación, a creatividade, estimulan a memoria, transmiten valores, permiten ensinar coñecementos novos, vocabulario... fomentan a curiosidade, interese a necesidade de expresión e comunicación así como os hábitos de atención e orde, e o lado sensible e crítico das cousas. Ademais de ser un medio de descarga de ansiedade e agresividade. Os materiais naturais que nos aporta o noso contorno son os materiais máis destacables nas miñas actividades diarias, xa que me permite traballar moitos aspectos partindo e usando materiais coñecidos para os nenos e que eles mesmos na súa vida diaria pode recolectar.

Recursos tecnolóxicos : a singularidade de que o centro estea situado no entorno rural fai que o uso das tecnoloxías de información e comunicación non figuren tan estendidas como nos ámbitos urbanos. Polo tanto na miña aula utilizarei o encerado dixital, audiovisuais, cámara web. tamén o blog da aula servirá de vía comunicativa coas outras escolas, fomentando así o uso destas partindo da motivación e interese.

Recursos naturais: partindo sempre do contorno máis próximo e coñecido para o alumnado, o xardín, a horta, o parque, pedras, terra, area.

Recursos humanos: persoal docente, familias e colaboradores, dándolle especial relevancia á educación compartida coas familias (para establecer criterios comúns e pautas homoxéneas), co profesorado e con outras institucións tal e como se recolle no RD 1630/2006 e na Orde do 22 de xullo de 1997 que establece o ROC, determinando canles de participación das familias e do mestre e pensando na gran importancia que ten a súa colaboración mutua. A relacións coas familias levareinas a cabo tanto de xeito formal: (entrevistas individuais para obter información, reunións grupais, titoría) como informal (contacto diario, saídas, festas, a través do blogue, obradoiros) tal e como se recolle no proxecto educativo e no Plan de acción tutorial. Ademais as familias participan no proceso educativo de xeito institucional a través do consello escolar e da ANPA. En canto á coordinación co resto do profesorado, terei contacto habitual cos compañeiros de ciclo tanto cos especialistas do meu grupo de alumnos/as como coas titoras das outras escolas, traballando de xeito cooperativo asegurando así unha coherencia e continuidade das accións docentes.

Materiais naturais, próximos á nosa contorna, como pedras, paus, follas, area, terra, cunchas... que nos servirán para clasificalos, conteo, artes plásticas...

Material funxible: cartolinas, ceras, rotuladores, punzóns, tesoiras.... que permitan ao neno/a aprender, actuar, plasmar..

Materiais de refugallo: Concienciando ao alumnado da importancia da reciclaxe podendo usar diversos materiais para outro tipos de actividades... Por exemplo o uso de cartóns para facer arquitecturas, botes de vidro para facer póceras, roupas ou teas para traballar o arte téxtil.

Materiais sensoriais: Para traballar a impulsividade, a relaxación.. botellas da calma, obxectos para masaxes, bolas de espello, paus do choiva... Ademais temos a sorte de contar coa aula multisensorial, un espazo moi importante para traballar diversas emocións e condutas que queremos corrixir.

Materiais audiovisuais: Vídeos, cantigas, ordenador, cámara de fotos, encerado dixital.... relacionándoo co proxecto que traballamos durante o curso.

Biblioteca de aula: Contos diversos para traballar a calma, fomentar a lectura.

Biblioteca creativa: Un espazo creativo que conta cunha gran biblioteca escolar diferenciada por espazos e un recanto fedelleiro onde se poden atopar robots, croma, lego maker, tablets, cricut..

Materiais da vida práctica: vasos, pratos, panos, xerras, vasoira e recolledor... onde se podan facer transvases, comer, beber, limpar

Materiais do xogo simbólico: construcións, camións, animais, cociña... onde o alumnado desenvolva a súa creatividade e xogue de xeito simbólico.

. Materiais lóxico-matemático: números, símbolos, dados, pedriñas, regretas.... para poder contar, clasificar, agrupar. ¿

Materiais de lectoescritura: imaxes, letras de lixa, letras de madeira... onde aproxime ao alumnado á lectoescritura.

Plantas: A aula está ambientada con plantas diferente folla, tamaño, cor... aprendendo a coidala, regala, necesidade de luz solar.¿

Material curricular: normativas aplicables á etapa de infantil e primaria.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Tal e como recolle o Decreto 105/2022 de 8 de setembro, a avaliación nesta etapa estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno.

A avaliación inicial ofrécenos a posibilidade de coñecer cales son as capacidades e características que teñen cada un dos nenos e nenas nos diferentes ámbitos do desenvolvemento.

Polo tanto, esta será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc., realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e dificultades de cada alumna e alumno.

E tendo presente a Orde 8 de setembro de 2021, a avaliación inicial constituirá un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas de clase durante o mes de setembro., completarse tendo en conta a información obtida durante este período mediante a observación directa por parte dos profesionais que atenden aos nenos/as, pero agardarase a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación:

- Sen dificultade
- En proceso
- Con dificultade

De maneira que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo equipo docente. Teremos moi presente o que supón a avaliación continua e o momento evolutivo do alumno/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, entendemos por atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, necesidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta á pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos, sendo a escola unha escola inclusiva.

Desde esta perspectiva, a diversidade é unha realidade social e, por tanto, a atención a diversidade deixa de ser unha medida que responde ás necesidades duns poucos, para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado; necesidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada un dos mestres e mestras, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A nosa intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais e as familias e terá como finalidade ofrecer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida conseguir o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Adoptaranse unha serie de medidas, actuacións, estratexias e/ou programas destinadas a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas son:

Medidas Ordinarias:

Todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Entre as medidas ordinarias incluímos:

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Priorizar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, favoreza a individualización do ensino e o desenvolvemento de estratexias cooperativas e de axuda entre iguais.

Empregarase recursos e materiais variados que poñan en xogo todas as intelixencias e formas de aprender do alumnado.

Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Reforzo educativo e apoio do profesorado especialista con dispoñibilidade horaria.

Programas de habilidades sociais.

Medidas Extraordinarias:

Todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes e esixen a avaliación psicopedagóxica e o ditame de escolarización da orientadora.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Entre as medidas extraordinarias incluímos:

Adaptacións curriculares significativas de modificación do currículo ou acceso ao mesmo (recursos espaciais, materiais ou de comunicación).

Agrupamentos flexibles.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

Flexibilización da duración do período de escolarización.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación para a saúde, onde adquiren hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a súa autoestima e a súa calidade de vida.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación ambiental. O alumnado debe comprender a relación no medio no que vivimos. Coñecer os problemas ambientais e propor solucións. Mellorar a nosa contorna a través da plantación, limpeza e recreación paisaxística.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación moral e para a paz. Transmitíranse diversos valores a xustiza, tolerancia, respecto, convivencia... para asegurar que acaden un xuízo crítico para combater todo tipo de inxustiza e desigualdade.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.5 - Educación para un consumo responsable. Tratarase de que o alumnado adquira valores de consumo responsable e innecesario, coñezan as consecuencias dun consumo excesivo que se pode evitar e buscar solucións que favorezan o coidado do entorno e da sociedade na que estamos inmersos.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación sexual. Coñecerse a si mesmo e aprender a quererse tal e como somos. Este é un paso fundamental para adaptarse na sociedade coñecendo os diversos aspectos relacionados coa sexualidade e valorando a diversidade como un aspecto enriquecedor.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional. O traballo das emocións é fundametal para que os nenos e nenas consigan resultados tanto educativos como pedagóxicos, mentais e de relación social apropiados que lle permitan xestionar as súas emcións, adquirindo ferramentas para afrontar os obstáculos.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

En toda a etapa da Educación Infantil vanse abordar os elementos transversais dende unha perspectiva globalizada a través de todas as unidades didácticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das bibliotecas escolares	Inaguración da nosa biblioteca escolar coa presenza dun Mago, descubrimento da nova mascota de biblioteca e de como vai a funcionar, normas, colocación de libros.... ademais do espazo creativo coñecemento de robots, espazo maker, croma, tablets... e outros xogos...	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración do Samain	Para conmemorar dita festividade , elaboraremos cabazas, visitaremos o túnel do terror, escoitaremos a obra de teatro representada polo alumnado de terceiro de primaria e faremos unha merenda conxunta disfrazados cada quen do que se lle antoxe.	X		
Actividades da Fundación e Naturnova	Visitaremos o teatro a Fundación para ver unha obra de teatro e iremos a Naturnova a facer un obradoiro.			X
Celebración do Nadal	No Nadal valorarase se se fai festival ou outro tipo de actividades de conmemoración. Recibiremos a visita de Papa Noel.	X		
Celebración do Entroido	Coma todos os anos disfrazaremonos tendo en conta a temática da Pintura.		X	
Día contra a violencia de Xénero.	Realizaremos un taller de chapas co alumnado do IES Primeiro de Marzo.	X		
Mes da ciencia	Levaremos a cabo diversos experimentos para conmemorar o mes da ciencia.		X	
Excursión de finde curso	Levarase a cabo a excursión de finde curso a un sitio que falta por consensuar.			X
Obradoiro de ecopercusión	Levaráse a cabo un obradoiro de ecopercusión con materiais reciclados moi relacionado co proxecto anual a música e a expresión corporal	X		

Observacións:

Ademais destas actividades complementarias e extraescolares poderemos levar a cabo outras que poidan xurdir relacionadas con contidos que esteamos traballando.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
A participación como tutora foi axustada.
As actividades foron útiles e enriquecedoras.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais utilizados foron axeitados.
Os tempos para o desenvolvemento das actividades foron acertadas.
Medidas de atención á diversidade
Cumplíronse os intereses e necesidades do alumnado

Clima de traballo na aula
Coordinación co resto do profesorado tanto de ciclo como de nivel para un maior enriquecemento.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación familia-escolar foi doada.

Descrición:

Unha das notas funcións como docentes é avaliar a nosa práctica educativa, por ese motivo, teremos presentes estes indicadores de logo en cada unha das UD.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase un seguimento a través da aplicación PROENS desde a coordinación de ciclo de Educación Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados